


PROGRAMACIÓN PRIMARIA 5º NIVEL

2017-2018



CEIP Francisco Vales Villamarín

ÍNDICE:

- 1.- Introducción e contextualización páx 3
- 2.- Obxectivos xerais páx 4
- 3.- Contribución ó desenvolvemento das Competencias Clave páx 5
- 4.- Metodoloxía páx 6
- 6.- Concreción para cada estándar: páx 8
 - Temporalización
 - Grao mínimo de consecución para superar a materia
 - Procedementos e instrumentos de avaliación
 - Competencias clave de cada estándar
- 7.- Avaliación.....páx 122
- 8.- Concrecións metodolóxicaspáx 124
- 9.- Materiais e recursos didácticos
- 10.- Aplicación dos proxectos e plans do centro e Actividades Extraescolares.....páx 125
- 11.- Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso.....páx 126
- 12.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente
- 13.- Medidas de atención á diversidadepáx 128
- 14.-Medidas de recuperación e reforzo..... páx 129
- 15.-Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.
- didácticas..... páx 130

1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O CEIP Francisco Vales Villamarín é un colexio comarcal que conta co alumnado de primaria dos concellos de Betanzos, Paderne e Coirós. É de ámbito público formado por 996 alumnos/as distribuídos en 43 unidades: 13 de Educación Infantil e 30 de Primaria. Alumnado diverso, tanto en procedencia (8 % inmigrante) como en características (14 % NEAE). O idioma máis empregado e a lingua materna do alumnado é o castelán, que convive cunha minoría galego falante, reflexo do que ocorre no contorno.

Os resultados académicos do alumnado durante o curso 2016-17 non foron negativos: aproximadamente un 99 % promocionou para o seguinte curso, aínda que unha minoría dun 0,8% permanece no mesmo nivel. A avaliación individualizada de 3º nivel e a final de etapa non aportan datos significativos debido á baixa afluencia que rexistraron.

Agás dous niveis de infantil (4º e 5º), o resto de niveis conta con cinco aulas, cuxos titores/as, especialistas e integrantes do D. Orientación, 66 docentes en total, deben coordinarse para facer cumprir estes proxectos de nivel que completan os obxectivos das dúas etapas de maneira coordinada e coherente tratándose dun conxunto tan grande.

Un centro, que traballa a formación docente cun PFPP iniciado no curso 2016-17, que continúa este curso e conta con Plans e Proxectos que contemplan a diversidade e o afán por mellorar e conseguir o éxito educativo e unha boa convivencia debe elaborar unha programación que cumpra cos requisitos legais e os adapte ás súas necesidades.

A programación está baseada no esquema indicado na resolución do 27 de xullo de 2015 (DOG 29/07/2015) no seu artigo 13, que se ben é de secundaria é a recomendación feita por parte da inspección ata que no existe unha resolución similar para primaria.

A Educación Infantil, regulada polo Real decreto 1630/2006, de 29 de decembro que establece as ensinanzas mínimas fixadas para o 2º ciclo e o Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2009). Tamén a Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 10 de xullo de 2009).

A Educación Primaria, regulada no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na comunidade Autónoma de Galicia.

-Orde ECD/65/2015 do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).

2.- OBXECTIVOS XERAIS DE PRIMARIA

Que contribuirán a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a. Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, preparárense para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b. Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c. Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d. Coñecer, comprender e respectar as culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres, e a non-discriminación de persoas por ningún motivo.
- e. Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f. Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita comunicar mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g. Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h. Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, especialmente aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i. Iniciarse no uso das tecnoloxías da información e da comunicación, para a aprendizaxe, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciban e elaboren.
- j. Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k. Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l. Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m. Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n. Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o. Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, salientando as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

3.- CONTRIBUCIÓN DAS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

En xeral, para a adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Área de Ciencias da Natureza: Os coñecementos científicos integraranse no currículo de E. Primaria para proporcionar as bases dunha formación científica e tecnolóxica que contribúa a desenvolver as competencias necesarias para comprender a realidade, desenvolverse na vida cotiá e interactuar co seu medio natural. Este proceso deberá permitir a aproximación ao medio científico e ao uso das tecnoloxías de maneira progresiva, evolucionando dun pensamento intuitivo, global e concreto á interpretación, comprensión, explicación e expresión da realidade na que conflúan todas as áreas de coñecemento, favorecendo unha visión interdisciplinaria. Ademais da adquisición de conceptos científicos, débese introducir o valor funcional da ciencia para que o alumnado sexa quen de “saber facer” e empregar estratexias técnicas da actividade científica.

Área de Ciencias Sociais: Pretende contribuír ao desenvolvemento persoal e social do alumno, achegándolle os recursos necesarios para integrarse e participar de forma activa na sociedade que vive, participando da comprensión da realidade física, social e histórica máis próxima ata poder comprender o mundo dun xeito máis global. O desenvolvemento persoal e social do alumnado como futuros cidadáns e cidadás implica coñecer os mecanismos fundamentais da democracia, respectando as regras de vida colectiva e, por outra parte, interactuar coa contorna e o medio, velando pola súa conservación.

Área de Lingua castelá e galega: O desenvolvemento da competencia comunicativa lingüística será o obxectivo principal desta área, que deberá achegar as ferramentas e os coñecementos necesarios para que o alumnado poida desenvolverse satisfactoriamente nas relacións co resto dos integrantes do contorno, dunha maneira adecuada a súa idade. Ademais, proporcionaralle coñecementos metalingüísticos e literarios que lle axudarán a completar o seu dominio cultural. Nun futuro, o seu éxito persoal e profesional dependerá en parte da súa competencia lingüística e a súa capacidade para comprender e expresar.

O Proxecto lingüístico de centro contempla as tres linguas como mecanismos necesarios para a formación do alumnado, non só lingüística e literaria, senón como individuos conscientes da necesidade da bagaxe vital nun mundo en continua expansión, pero sen perder a cultura e a identidade propia. Dende o segundo ciclo de Infantil mantense contacto cunha primeira lingua estranxeira (inglés), co obxectivo de iniciar a súa competencia en comunicación oral.

Area de Matemáticas: As Matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse

coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade, etc. E axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que leven consigo, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas.

Área de Educación Física: Esta área ten como finalidade principal a competencia motriz do alumnado, entendida como un conxunto de coñecementos, procedementos, actitudes e sentimentos que interveñen nas múltiples interaccións que realiza un individuo no seu medio e cos demais e que permite que o alumnado supere os diferentes problemas motrices propostos tanto nas sesións de Educación física como na súa vida cotiá; sempre de forma coherente e en concordancia ao nivel de desenvolvemento psicomotor, prestando especial sensibilidade á atención a diversidade nas aulas, utilizando estratexias inclusivas e sempre buscando a integración dos coñecementos, os procedementos, as actitudes e os sentimentos vinculados á conduta motora fundamentalmente. A competencia motriz, que non está recollida como unha das competencias clave, é fundamental para o desenvolvemento de todas.

Na Educación primaria, o alumnado explorará o seu potencial motor á vez que desenvolve todas as súas capacidades motrices. Nesta etapa, as competencias adquiridas deben permitir comprender o seu corpo, as súas posibilidades e desenvolver as habilidades motrices básicas con complexidade crecente a medida que se progresa nos sucesivos cursos. As propias actividades axudarán a desenvolver a relación cos demais, o respecto, a atención especial á igualdade de xénero, entendendo as diferenzas en canto as capacidades psicofísicas entre as nenas e os nenos, os condicionantes dos estereotipos sociais, a colaboración, o traballo en equipo, o xogo limpo, a resolución de conflitos, o recoñecemento do esforzo para lograr metas, a aceptación de regras establecidas e o desenvolvemento da iniciativa individual.

4.- METODOLOXÍA:

Aspectos xerais:

Nesta etapa poñerase especial atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten esas dificultades.

A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado e terá en conta os seus distintos ritmos e estilos de aprendizaxe, favorecendo a capacidade de aprender por si mesmo e promovendo o traballo colaborativo e en equipo.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave; é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de calquera tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito da lectura, organizarase a práctica docente diaria de xeito que se garanta a incorporación dun tempo de lectura non inferior a trinta minutos.

A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todo o alumnado e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén, realizando diagnósticos precoces e mecanismos de reforzo.

Estableceranse unhas orientacións metodolóxicas nas distintas áreas, de maneira que os contidos de todas elas estarán relacionados entre si, polo que se potenciará un enfoque global e interdisciplinario que teña en conta a transversalidade da aprendizaxe baseada en competencias. Estes contidos deberán ser traballados na aula arredor da realización de tarefas integradas que faciliten a contextualización de aprendizaxes, proxectos, pequenas investigacións no medio, actividades de experimentación, resolución de problemas concretos,...onde o alumnado avance, elixindo en cada caso a metodoloxía axeitada en función das necesidades.

As estruturas de aprendizaxe cooperativa posibilitarán a resolución pacífica de conflitos e potenciarán unha axeitada atención á diversidade.

Resulta recomendable a aplicación de diferentes técnicas para a avaliación do desempeño do alumnado (portfolio, rúbricas, mapas mentais, diarios, probas específicas,...) e diferentes materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e da comunicación.

Para a construción e a consolidación das aprendizaxes, partirase, en todo momento, dos coñecementos previos do alumnado, do contexto máis próximo e do seu nivel evolutivo, cognitivo e emocional para avanzar cara aprendizaxes máis complexos. O alumnado debe ser o protagonista das súas aprendizaxes, polo que presentarán propostas de traballo individual e de equipo, que posibiliten a resolución conxunta e favorezan a inclusión.

Dende o equipo educativo e as distintas comisións de coordinación fomentárase unha reflexión metodolóxica conxunta da que xurda unha proposta de centro común, acordada e compartida á hora de desenvolver un currículo coherente cun enfoque global e interdisciplinar (PDI da biblioteca: "Unha viaxe no tempo").

5. Proxecto de programación por nivel

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Programación "CEIP Vales Villamarín"		
NIVEL	5º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Naturais (CN)

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CN-B1.1	5º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes e comunica os resultados en diferentes soportes.	Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, obtén conclusións e amosa os resultados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Proba obxectiva. Caderno de clase.	CCL CSIEE CAA CD CMCT
CN-B1.1	5º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.	Establece relacións entre os diferentes contidos traballados comunicándolo oral ou por escrito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Textos escritos. Caderno de clase. Proba obxectiva.	CCL CMCT
CN-B1.1	5º-CNB1.1.3 - Emprega de forma autónoma o	Emprega o tratamento de textos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática.	CCL CSIEE

	tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc.).					INSTRUMENTOS: Proba aberta. Escala de observación.	CMCT CD
CN-B1.1	5º-CNB1.1.4 - Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.	Busca estratexias para atopar información de carácter científico.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCTC AA CCL
CN-B1.1	5º-CNB1.1.5 - Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.	Efectúa búsquedas guiadas de información na rede.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Proba de interpretación de datos. Diario de clase.	CAA CMCT CD
CN-B1.1	5º-CNB1.1.6 - Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CAA CMCT CD
CN-B1.2	5º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CAA CMCT
CN-B1.3	5º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CSC CMCT CSIEE
CN-B1.3	5º-CNB1.3.2 - Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das	Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CMCT CSC CD

	tecnoloxías da información e comunicación.						
CN-B1.3	5º-CNB1.3.3 - Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	Utiliza algúns recursos ao seu alcance proporcionados polas tecnoloxías da información para comunicarse e colaborar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CD CAA CMCT
CN-B1.4	5º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.	Coñece os pasos do método científico e intenta facer uso del.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común.	CMCT CCLCAA CSIEE
CN-B1.4	5º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.	Presenta de forma oral ou por escrito o resultado dunha investigación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Posta en común. Exposición dun tema.	CMCT CCL CSCCD CAA CSIEE
Bloque 2: O ser humano e saúde							
CN-B2.1	5º-CNB2.1.1 - Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións	Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT

	vitais do corpo humano.						
CN-B2.1	5º-CNB2.1.2 - Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.	Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.			X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B2.3	5º-CNB2.3.1 - Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.	Investiga sobre enfermidades relacionadas cunha alimentación inadecuada e presenta conclusións en diversos soportes.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCTC SC
CN-B2.3	5º-CNB2.3.2 - Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.	Coñece os principios das dietas equilibradas, e identifica en menús variados ás prácticas saudables.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Asamblea.	CMCTC CLCSC
CN-B2.3	5º-CNB2.3.3 - Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.	Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.			X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCTC SC
Bloque 3: Os seres vivos							
CN-B3.1	5º-CNB3.1.1 - Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.	Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas, nomeando as principais características e funcións de cada un deles.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CN-B3.2	5º-CNB3.2.1 - Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características	Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e	CMCT

	atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.	animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos.				problemas.	
CN-B3.2	5º-CNB3.2.2 - Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.	Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CMCT
CN-B3.3	5º-CNB3.3.1 - Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.	Coñece e explica as principais características e compoñentes dun ecosistema.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas.	CMCTC CL
CN-B3.3	5º-CNB3.3.2 - Investiga con criterio científico, ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.	Investiga ecosistemas próximos e presenta resultados en diferentes soportes.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCTC CL
CN-B3.3	5º-CNB3.3.3 - Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.	Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCTC SC
CN-B3.3	5º-CNB3.3.4 - Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CMCT
CN-B3.3	5º-CNB3.3.5 - Observa e	Observa e rexistra algún proceso		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos	CMCTC

	rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.	asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.				alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CL CD
Bloque 4: Materia e enerxía							
CN-B4.1	5º-CNB4.1.1 - Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).	Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidade, estado de agregación e condutividade térmica).	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B4.2	5º-CNB4.2.1 - Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	Utiliza diferentes procedementos para determinar a medida da masa e do volume dun corpo.	X			PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CMCT
CN-B4.2	5º-CNB4.2.2 - Describe a diferenza entre masa e volume.	Describe a diferenza entre masa e volume.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCTC CL
CN-B4.2	5º-CNB4.2.3 - Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	Identifica e explica as principais características da flotación nun medio líquido.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCTC CL
CN-B4.3	5º-CNB4.3.1 - Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e	Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCTC CL CSC

	equitativo						
CN-B4.4	5º-CNB4.4.1 - Realiza experiencias sinxelas, en equipo, sobre reaccións químicas habituais na vida cotiá; formular problemas, enunciación hipóteses, seleccionar o material necesario, extraer conclusións e comunicar os resultados en diferentes soportes.	Coñece as distintas reaccións químicas habituais na vida cotiá.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CAA CSIEE CCL CD
CN-B4.4	5º-CNB4.4.2 - Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo.	Identifica produtos químicos habituais no fogar e os posibles riscos para o organismo	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B4.4	5º-CNB4.4.3 - Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	Identifica e explica os símbolos de perigo máis comúns na etiquetaxe.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CN-B4.4	5º-CNB4.4.4 - Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.	Respecta as normas de uso, de seguridade, de conservación e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo, na aula e no centro.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CMCT
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CN-B5.1	5º-CNB5.1.1 - Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico e constrúe un.	Observa e identifica os elementos dun circuíto eléctrico.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CSIEE

CN-B5.1	5º-CNB5.1.2 - Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.	Observa, identifica e explica algúns efectos da electricidade da vida cotiá.	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCTC CL
CN-B5.1	5º-CNB5.1.3 - Expón exemplos de materiais condutores e illantes, argumentado a súa exposición.	Diferencia entre materiais condutores e illantes.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCTC CL
CN-B5.2	5º-CNB5.2.1 - Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.	Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL CSC
CN-B5.2	5º-CNB5.2.2 - Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.	Valora e describe a influencia do desenvolvemento tecnolóxico nas condicións de vida e no traballo.	X			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CMCT CCL CSC
CN-B5.2	5º-CNB5.2.3 - Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.	Coñece e explica algúns dos avances da ciencia.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CCL CSC CCEC

PONDERACIÓN

COMPETENCIAS	BLOQUE CONTIDOS	%	RESUMO INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/C SIEE	1. Iniciación á actividade científica	40%	Proba obxectiva escrita ou oral (unha por unidade)	60%

CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/C SIEE	2, O ser humano e a saúde	20%	Observ. Aula (Traballo individual e grupal, exposición oral, rexistros, fichas de traballo)	20%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/C SIEE	3. Os seres vivos	20%	Caderno de clase	10%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/C SIEE	4.Materia e enerxía	10%	Actitude	10%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/C SIEE	5, A tecnoloxía, aparellos e máquinas	10%		

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

CURSO	Programación "CEIP Vales Villamarín"			
NIVEL	5º PRIMARIA	ÁREA	Ciencias Socias (CS)	

Criterio de avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área Indicador mínimo de logro	T 1	T 2	T 3	CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN	C.C.
						Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*	
Bloque 1: Contidos comúns							
CS-B1.1	5º-CSB1.1.1 - Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	Busca información (empregando as TIC e outras fontes directas e indirectas), selecciona a información relevante, a organiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CAA CD CMCT CCL
CS-B1.1	5º-CSB1.1.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na	Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas, ten iniciativa na toma de decisións e asume	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSIEE CAA

	toma de decisións e asume responsabilidades.	responsabilidades.					
CS-B1.1	5º-CSB1.1.3 - Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CAA
CS-B1.2	5º-CSB1.2.1 - Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.	Participa en actividades individuais e de grupo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
CS-B1.2	5º-CSB1.2.2 - Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates e recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.	Adopta un comportamento responsable, respectando diferentes ideas e achegas nos debates.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
CS-B1.3	5º-CSB1.3.1 - Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CCL CAA CMCT CSC
CS-B1.3	5º-CSB1.3.2 - Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión	Expón oralmente contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Exposición dun tema.	CCL CMCT CSC CAA

	de textos orais e /ou escritos de carácter xeográfico, social e histórico.	histórico.					
CS-B1.3	5º-CSB1.3.3 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.	Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CCL CD CMCT CSC
Bloque 2: O mundo que nos rodea							
CS-B2.1	5º-CSB2.1.1 - Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	Describe como é e de que forma se orixinou o Universo e explica os seus principais compoñentes identificando galaxia, estrela, planeta, satélite, asteroide e cometa.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.2	5º-CSB2.2.1 - Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	Describe as características e compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.3	5º-CSB2.3.1 - Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.	Coñece o movemento de translación terrestre e o asocia as estacións do ano.	X			PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Posta en común.	CMCT CCL CAA

CS-B2.3	5º-CSB2.3.2 - Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.	Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre .	X			PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CMCT CCL CAA
CS-B2.3	5º-CSB2.3.3 - Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	Define a translación da Lúa identificando e nomeando as fases lunares.	X			PROCEDEMENTOS: Cuestionarios. INSTRUMENTOS: Cuestionario pechado.	CMCT CCL
CS-B2.4	5º-CSB2.4.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CAA
CS-B2.5	5º-CSB2.5.1 - Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.6	5º-CSB2.6.1 - Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL
CS-B2.6	5º-CSB2.6.2 - Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España, e as zonas ás que afecta cada un, interpretando e analizando climogramas de distintos territorios de España e relacionándoos	Describe e sinala nun mapa os tipos de climas de España.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CAA CCL

	co clima ao que pertence.						
CS-B2.7	5º-CSB2.7.1 - Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade.	Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características das principais paisaxes de España valorando a súa diversidade	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.	CCL CSC CAA
CS-B2.8	5º-CSB2.8.1 - Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	Localiza nun mapa as principais unidades de relevo en España e as súas vertentes hidrográficas.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva. Posta en común.	CMCT
CS-B2.8	5º-CSB2.8.2 - Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	Sitúa nun mapa os mares, océanos e os grandes ríos de España.	X	X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT
CS-B2.9	5º-CSB2.9.1 - Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Asamblea.	CSC CCL
CS-B2.9	5º-CSB2.9.2 - Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable.	Favorece o desenvolvemento sostible e o consumo responsable	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CAA
Bloque 3: Vivir en sociedade							
CS-B3.1	5º-CSB3.1.1 - Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado	Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CCL

	español.						
CS-B3.2	5º-CSB3.2.1 - Identifica as principais institucións do Estado español e describe as súas funcións e a súa organización.	Identifica as principais institucións do Estado español e as súas funcións.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.2	5º-CSB3.2.2 - Identifica e comprende a división de poderes do Estado e cales son as atribucións recollidas na Constitución para cada un deles.	Identifica e comprende a división de poderes do Estado.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Cuestionarios. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Cuestionario pechado. Proba obxectiva.	CSC CCL
CS-B3.3	5º-CSB3.3.1 - Explica a organización territorial de España, nomea as estruturas básicas de goberno e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España, así como as súas provincias.	Explica a organización territorial de España e localiza en mapas políticos as distintas comunidades autónomas que forman España.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CCL
CS-B3.4	5º-CSB3.4.1 - Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.	Valora, partindo da realidade do estado español, a diversidade cultural, social, política e lingüística nun mesmo territorio como fonte de enriquecemento cultural.		X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCL
CS-B3.5	5º-CSB3.5.1 - Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.	Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CMCT CCL CSC

CS-B3.5	5º-CSB3.5.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.	Interpreta unha pirámide de poboación.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba de interpretación de datos.	CMCT CAA
CS-B3.6	5º-CSB3.6.1 - Describe os principais rasgos da poboación española.	Describe os principais rasgos da poboación española		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Diario de clase.	CCL CSC
CS-B3.6	5º-CSB3.6.2 - Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.	Explica o proceso da evolución da poboación en España e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Proba obxectiva.	CCL CSC
CS-B3.6	5º-CSB3.6.3 - Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.	Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Investigacións. Proba obxectiva.	CCL CSC
CS-B3.6	5º-CSB3.6.4 - Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.	Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC
CS-B3.7	5º-CSB3.7.1 - Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país	Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CCL
CS-B3.7	5º-CSB3.7.2 - Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.	Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación española: migracións, envellecemento, etc.		X		PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CCL

CS-B3.8	5º-CSB3.8.1 - Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen.	Identifica e define materias primas e produto elaborado e os asocia coas actividades nas que se obteñen		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CCL
CS-B3.8	5º-CSB3.8.2 - Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.	Describe ordenadamente o proceso de obtención dun produto ata a súa venda e identifica os sectores aos que pertencen.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CCL CSC CMCT
CS-B3.9	5º-CSB3.9.1 - Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.	Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.		X		PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CMCT
CS-B3.9	5º-CSB3.9.2 - Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e as súas localizacións nos territorios correspondentes.	Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España.		X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Producións orais. Proba obxectiva.	CCL CSC
Bloque 4: As pegadas do tempo							
CS-B4.1	5º-CSB4.1.1 - Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Probas específicas. INSTRUMENTOS: Proba obxectiva.	CSC CMCT CCL CCEC
CS-B4.2	5º-CSB4.2.1 - Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da	Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos.	CSC CMCT CAA CCEC

	historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.						
CS-B4.3	5º-CSB4.3.1 - Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC CMCT CAA CCEC
CS-B4.4	5º-CSB4.4.1 - Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España.	Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CSC CCEC
CS-B4.4	5º-CSB4.4.2 - Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas	Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CMCT CSC CCEC CCL
CS-B4.4	5º-CSB4.4.3 - Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas	Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC CCEC CAA
CS-B4.4	5º-CSB4.4.4 - Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais da Idade Media e da Idade Moderna en España	Cita algún movemento artístico ou cultural da Idade Media e Moderna.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase. Posta en común.	CMCT CSC CCEC

	citando aos seus representantes máis significativos.						
CS-B4.4	5º-CSB4.4.5 - Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media describindo a evolución política e os distintos modelos sociais.	Identifica as características distintivas das culturas que conviviron nos reinos peninsulares durante a Idade Media.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CCEC CSC CCL
CS-B4.4	5º-CSB4.4.6 - Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo (Monarquía dos Austrias, s. XVI-XVII. Os Borbóns, s. XVIII).	Explica as características da Idade Moderna e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia neste período de tempo .			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións.	CSC CCL CCEC
CS-B4.5	5º-CSB4.5.1 - Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCEC
CS-B4.6	5º-CSB4.6.1 - Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	Aprecia a herdanza cultural a escala local e nacional como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Diario de clase.	CSC CCEC

PONDERACIÓN				
COMPETENCIAS	BLOQUE CONTIDOS	%	INSTRUMENTOS AVALIACIÓN	%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE	1. Contidos comúns	50%	Proba obxectiva escrita (mínimo unha por unidade)	60%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE	2. O mundo que nos rodea	10%	Observ. Aula (Traballo individual e grupal, exposición oral, rexistros, fichas de traballo)	20%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE	3. Vivir en sociedade	10%	Caderno de clase	10%
CCAA/CMCCT/CCL/CD/CSC/CSIEE	4. As pegadas do tempo	30%	Actitude	10%

TEMPORALIZACIÓN, PONDERACIÓN E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DO CURSO

